

Arracada da Agra dos Castros (Marcelle, Lugo)

Aurelia Balseiro García
Roberto Bartolomé Abraira

Resumo: o obxectivo principal deste traballo é a difusión da arracada lucense da Agra dos Castros (Marcelle, Lugo), un dos achados máis relevante aparecidos durante a respectiva intervención arqueolóxica¹ e actualmente depositada no Museo Provincial de Lugo para a súa incorporación ao estudo xeral da ourivería protohistórica e da metalurxia áurea castrexa².

Resumen: El objetivo principal de este trabajo es la difusión de la arracada lucense de Agra dos Castros (Marcelle, Lugo), uno de los hallazgos más relevantes aparecidos durante la respectiva intervención arqueológica y actualmente depositada en el Museo Provincial de Lugo, para su incorporación al estudio general de la orfebrería protohistórica y de la metalurgia áurea castrexa.

Abstrac: The main objective of this article is to present the improvements made to the cloister at the convent of San Francisco (site of the Provincial Museum of Lugo) as part of the action plan undertaken in 2011, as well as the new elements that were discovered during the actions –arch and memorial stone symbols–, which offer new data on the history of the old monastery.


Palabras chave: cultura castrexa, ourivería, arracada, Agra dos Castros...

Introdución e contexto arqueolóxico

Denominado popularmente como Castro da Piringalla a raíz da súa publicación en prensa, o seu verdadeiro topónimo é Agra dos Castros, nome co cal denominan o lugar os habitantes da zona.


¹ Intervención dirixida por Roberto Bartolomé Abraira desde decembro de 2007 a febreiro de 2008

² Vaía un agradecemento especial dos autores do artigo a Ofelia Carnero e Enrique Alcorta (departamento de Arqueoloxía do MPL).




1. Situación do xacemento Agra dos Castros

Localízase no núcleo rural de Marcelle, concello de Lugo (fig. 1), situado na parte máis alta, en torno aos 485-487 m.s.n.m., do esporón delimitado polo curso dos ríos Miño e Rato (figs. 2 e 3), nun terreo aparentemente chan, pero que aproveita unha suave elevación que lle confire ao seu emprazamento unha posición estratéxica privilexiada, onde se domina un extenso territorio polo que discorren vías naturais de comunicación de gran valor estratéxico, posteriormente utilizadas en época romana, como é o caso da vía XX, a escasos metros do lugar que nos ocupa, e que saía de *Lucus Augusti* en dirección noroeste cara a *Brigantium*, ao que se lle une a proximidade do río Miño a escasos 1000 metros ao oeste.



2. Emprazamento da Agra dos Castros




3. Detalle da ubicación da Agra dos Castros (círculo) con respecto á cidade romana de *Lucus Augusti* (rectángulo)

³ GÓMEZ VILA, 2005, 97: “Desde esta Puerta de la Rúa Nova la vía se encaminaría hacia Coruña por la calle Camiño Real y Mar Cantábrico para después pasar por las inmediaciones de los depósitos del agua. En suave descenso cruzaría la carretera de circunvalación Madrid-A Coruña a la altura del lugar de Marcelle para dirigirse hacia el pueblo de Distriz...”.

Proba desta situación privilexiada nunha zona de vías naturais de comunicación é a súa continua utilización xa desde época romana, concretamente coa creación da Vía Antoniana XX (AA.VV. 1995: 73-81, Gómez Vila 1993: 22-25 e 2005: 64-174) que, saíndo desde *Lucus*³ marchaba cara a *Brigantium* moi preto do xacemento que nos ocupa. O mesmo ocorre co camiño medieval que pasaba polo núcleo rural de Marcelle (Ferreira Priegue 1988: 242) ao pé do xacemento e, posteriormente, co Camiño Real Madrid-A Coruña, que discorria a escasos metros ao leste-norleste da Agra dos Castros, tal e como se pode comprobar co leguario de Garabolos (Gómez Vila 2001: 351), situado a pouco máis de 900 metros ao norte do lugar que nos ocupa e, finalmente, xa na segunda metade do século XX, coa construción da estrada Nacional VI, trazada 300 metros ao oeste do xacemento.

Trátase, ademais, dun terreo no que abundan os mananciais de auga que serviron como zona de captación para o posterior acueduto da cidade romana (Carreño Gascón 2004: 28-29, Álvarez-Carreño-González 2003: 21-23, González Fernández 1995: 63-64, González Fernández 2005: 27, González-Carreño 1998: 1190-1192), fundada a 1500 metros ao sueste do xacemento (figs. 3 e 4), a unha cota un pouco máis baixa, en torno aos 460-465 m.s.n.m. na súa zona máis alta, na actual praza de Santo Domingo, onde estaría situado o *castellum aquae* (Álvarez-Carreño-González 2003: 36-44, Carreño Gascón 2004: 28-29, Carreño Gascón 2004: 28-29, González Fernández 1995: 62-65, González-Carreño 1998: 1192-1195).

O acueduto que abastecía a cidade, e que xa estaría funcionando a mediados do século I d.C. (Carreño Gascón 2004: 28-29, Álvarez-Carreño-González 2003: 46, González Fernández 2005: 27, González-Carreño 1998: 1191-1192), inicia o seu traxecto a escasos 500 metros da Agra dos Castros, documentándose un tramo deste na rúa Mazaira (Álvarez-Carreño-González 2003: 27-28), a tan só 450 metros ao sueste do xacemento.



4. Situación do xacemento respecto aos demais castros do concello de Lugo e á propia cidade

- | | | |
|----------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1. Cunca do Castro (Romeán) | 16. A Rodela (Outeiro) | 31. Castro Medorra (Calde) |
| 2. Castro Sillar (Carballido) | 17. O Castrillón (Adai) | 32. O Castro (Soñar) |
| 3. O Castro (Sta. M.ª de Bóveda) | 18. O Castro (Penarrubia, Orzabai) | 33. Castro Alfonsín (Saa) |
| 4. O Castro (Recimil) | 19. O Castro (Taboelle, Orbazai) | 34. O Castro (Bazar) |
| 5. Castro Madorra (Castro) | 20. A Caderna (Alta) | 35. O Castro (San Romeán) |
| 6. Leiro do Castro (Rubiás) | 21. A Castronela (Alta) | 36. O Castro (Piñeiro) |
| 7. O Castro (Pedreda) | 22. Cotón do Castro (Vilachá de Mera) | 37. Castro Madalena (Coeses) |
| 8. A Cubela (Muxa) | 23. A Castronela (Vilachá de Mera) | 38. Medorra da Barrela (Piúgos) |
| 9. O Castro (Astrar, Pedreda) | 24. Chousa do Castro (Bóveda) | 39. A Croa (Piúgos) |
| 10. O Castro (Albeiros) | 25. A Castronela (Bóveda) | 40. O Castro (Gondar) |
| 11. Alto do Castro (Mazoi) | 26. Os Castros (Mera) | 41. O Castro (Pena) |
| 12. Os Castros (Pias) | 27. A Castronela (Prógalo) | 42. As Castronelas (Bacurín) |
| 13. A Táboa (Tirimol) | 28. A Castronela (O Burgo) | 43. A Agra dos Castros (A Piringalla) |
| 14. A Castronela (Meilán) | 29. A Castronela (Alto) | |
| 15. Castro Zapateiro (Ombreiro) | 30. Castro Grande (Calde) | |

En canto ao xacemento, a nivel superficial non se aprecian evidencias de elementos defensivos como puideran ser foxos, parapetos ou murallas. Trátase dunha zona chá sen cambios bruscos na topografía, causa pola que o castro non estaba catalogado como tal, pois superficialmente non se observa ningún elemento que fixera pensar que nos atopamos ante un xacemento deste tipo, a pesar do seu topónimo. Tampouco se aprecian restos de construcións en superficie, aínda que estas aparezan a escasos centímetros da rasante actual, nin noticia ningunha sobre restos arqueolóxicos achados no lugar, a pesar de que na súa parte norte se viñeron realizando obras de instalación de tubaxes de auga desde principios do século XX, cando se instalou a primeira traída de auga na cidade⁴ e, sobre todo, a partir da súa segunda metade, cando foron construídos os depósitos de auga, o que obrigou a acometer numerosas gabias para a instalación das tubaxes e que cruzaron o xacemento tamén na súa parte norte, de leste a oeste, como ben se comprobou durante a intervención.

Aínda que non se sabía da existencia deste castro, a zona estaba con medidas preventivas desde que no ano 1996, coas obras de control arqueolóxico levadas a cabo para a instalación da rede de gasificación en Lugo (Martínez-Amado-Chao: 1998), cuxa traza pasa a menos de 200 metros ao oeste do xacemento, apareceron varios fragmentos de materiais, sobre todo de época romana, como restos de tégula, ímbrices, cerámica común romana, xunto a engobada e TSH, ademais de cerámica de época moderna (Martínez-Amado-Chao 1998: 23-24), pero sen que se localizase ningunha estrutura relacionada con eles (Martínez-Amado-Chao 1998: 55).

Foi deste xeito como quedou documentada unha dispersión de materiais, posteriormente catalogada no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia co código GA 27028083 e denominada Agra dos Castros.


A raíz desta protección legal, as últimas obras de abastecemento de auga á cidade de Lugo⁵, na zona afectada pola traza da gabiá (fig. 5), requiriron dun control e seguimento arqueolóxico; realizado neste caso, e ao longo de toda a súa traza, pola arqueóloga Dña. Manuela Pérez Mato.

A necesidade da intervención de sondaxes arqueolóxicas que se levou a cabo no lugar de Marcelle, entre os meses de decembro de 2007 e febreiro do 2008, veu dada como consecuencia da apertura dunha gabiá sen o aviso previo aos arqueólogos responsables. Este sector estaba baixo cautela arqueolóxica que obrigaba ao control e seguimento continuo e presencial da apertura da gabiá, ao estar documentada unha dispersión de materiais catalogada, como xa antes explicamos, no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia.

Como consecuencia diso, despois da paralización das obras, así como da inspección dos técnicos da Xunta de Galicia e facendo uso das súas competencias, foille

⁴ Segundo a información dos veciños foi no 1905 cando se instalou a primeira tubaxe de auga, realizada en fundición cuxa gabiá cruzou o xacemento de leste a oeste polo seu lado norte, afectando a parte dos foxos.

⁵ Realizadas entre o Ministerio de Medio Ambiente, a través da *Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte*, S.A. (AcuaNorte) e o Concello de Lugo.



5. Zona da intervención arqueolóxica

solicitado un Informe de Incidencias (Pérez Mato 2007) á arqueóloga encargada do control e seguimento arqueolóxico, no cal se recollían pormenorizadamente os danos producidos pola apertura desa gabia na zona de cautela, así como a comunicación dos novos achados, entre os que destacaban tres foxos (un no sector leste e dous no sector oeste da gabia) xunto a unha serie de estruturas pétreas, conformadas por lousas unidas entre si mediante argamasa arxilosa. Neste Informe de Incidencias tamén se recollía a aparición dun nivel de paleosolo sobre o cal se documentaron varios buratos de poste con calzos, evidenciando xa neste primeiro momento diferentes niveis de ocupación no lugar, que máis tarde se vería confirmado coa realización dos estudos posteriores.

Á vista do Informe, establecéronse unha serie de medidas compensatorias por parte da administración autonómica, consistentes na execución dunha intervención arqueolóxica que comprendese a realización de tres sondaxes⁶ manuais na zona de maior concentración de estruturas afectadas, así como a escavación dunha parte representativa dos foxos localizados, todas elas co fin de recuperar a maior cantidade de información, rexistro da secuencia estratigráfica completa e, deste xeito, contextualizar os restos aparecidos despois da apertura da gabia, obxectivo que se cumpríu

⁶ Sondaxes que se tiveron que realizar dentro da marxe de expropiación das obras que cara ao sur da gabia era tan só de cinco metros e cara ao norte, aínda que a marxe era maior, a pouco máis de catro metros o terreo estaba cruzado por antigas tubaxes, co cal a súa disposición foi a seguinte: unha sondaxe ao sur da gabia, denominada Sondaxe 1, cunhas medidas de 5x5 metros, e dúas sondaxes ao norte, cunhas medidas de 4x6 metros (dirección norte-sur e leste-oeste respectivamente).




6. Fotografía aérea onde podemos ver os foxos na zona sur do xacemento

satisfactoriamente, ao documentar unha ampla secuencia cultural en todas as sondaxes realizadas, a pesar que nas Sondaxes 2 e 3 os restos estaban moi afectados pola realización dunha gabia anterior (dos anos 60-70 do pasado século) para a instalación dunha tubaxe que as cruzou de leste a oeste e da que non se tiña constancia.

Unha vez realizada esta primeira intervención, consensuouse cos técnicos da Xunta de Galicia a ampliación da intervención na parte leste, co fin de deseñar un trazado para o tramo que faltaba por abrir ata chegar ao seu fin e deste xeito evitar a afección patrimonial sobre outros restos.

Os traballos arqueolóxicos deste proxecto (Bartolomé Abraira 2008a) foron realizados baixo a coordinación dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, de acordo co establecido no artigo 15º do Decreto 199/97, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa colaboración dos técnicos do Concello de Lugo, consistindo, como xa antes manifestamos, na escavación arqueolóxica das tres sondaxes manuais xunto cos foxos localizados, aos que posteriormente se lles sumaría a intervención levada a cabo na zona leste, denominada Sondaxe 4 (fig. 7). En canto á contextualización do xacemento (Bartolomé Abraira 2008a, 2008b e 2009) e, tendo en conta que tan só se tratou dun estudo parcial, cabe sospeitar que nos atopamos ante un xacemento que posúe unhas dimensións considerables, sobre todo se atendemos á fotografía aérea (fig. 6) onde podemos observar a continuación dos foxos cara ao sur (aínda que en superficie sexa imposible diferenciarlos xa que se atopan totalmente colmatados), con diferentes fases de ocupación e cun extraordinario potencial a nivel de investigación, tanto para a propia historia da cidade de Lugo, por ser o xacemento



7. Planimetría da intervención

castrexo máis próximo á cidade, polo que pensamos pode ser un elemento significativo na configuración da súa fundación, como tamén para o coñecemento do proceso de aculturación e romanización do territorio do noroeste peninsular.

Foi posible documentar un amplo período de ocupación desde a Idade do Ferro, sobre todo a partir do século IV a.C., ata a época romana, co momento de maior intensidade de ocupación no Período Flavio. Destacar, o establecemento de distintas fases construtivas detectando, como punto relevante, o momento de cambio e/ou transición nas estruturas habitacionais, pasando das construcións tipo fondo de cabana, realizadas con materiais vexetais, e polo tanto perecedoiros⁷, ás construcións con muros de pedra, cara ao cambio de Era, tal e como se ten comprobado noutras zonas, sobre todo na área setentrional da cultura castrexa, concretamente nas áreas centrais de Galicia, como no caso do castro da Graña (Meijide Cameselle 1990, Acuña-Meijide 1989 e 1995, Meijide-Acuña 1988 e 1990), os castros de Brañas e de Paradela (Criado-Rodríguez-Penedo 1991), todos eles no concello de Toques, A Coruña, así como o castro Real, Corredoiras (Meijide-Acuña 1984) no concello de Boimorto, A Coruña. No castro do Cruceiro, en Santiago de Compostela, tamén se localizaron estruturas habitacionais construídas con materiais perecedoiros asociadas a cerámica castrexa cunha cronoloxía que se sitúa entre o século V a.C. ata o cambio de Era (Parga Castro 2008: 125-126). No castro de

⁷ Conservándose tan só a delimitación das súas gabias escavadas no paleosolo e outras veces na rocha, xunto ás improntas de estacas e postes, utilizando a pedra tan só como calzos ou a modo de canais e/ou aliñacións de pedras fínadas. Se ben, dada a limitada superficie escavada, non se pode descartar a presenza de casas pétreas.

Cameixa, concello do Carballiño, Ourense, apareceu algo similar, onde “...non se construíron casas de pedra nin se ergueu a muralla máis moderna até os anos inmediatamente anteriores ao final das guerras cántabras, sendo nas vivendas anteriores sinxelas cabanas de táboas ou polas, cubertas, ás veces, con arxila.”

(López-Lorenzo 1986: 22). En Castrovite, na comarca do Deza, Pontevedra, tamén apareceron restos de barro con improntas de ramas (Carballo Arceo 2002: 91-92) ao igual que en Castromao, Ourense, onde se documentou unha serie de ocos de postes con disposición case circular en planta (Fariña-Arias-Romero 1983: 116). Na provincia de Lugo aparece, tamén, este tipo de construción con materiais perecedoiros en Castromaior, no concello de Portomarín, onde se documentaron dous momentos de ocupación, o máis recente nos primeiros anos do século I d.C. e un anterior na Idade do Ferro, desde o século VI a.C. ata o cambio de Era (López González 2008: 33-34). No castro de Penarrubia (Arias Vilas 1979), no concello de Lugo, e polo tanto o máis próximo ao xacemento que nos ocupa, tamén apareceron elementos realizados con este tipo de materiais.

No que respecta ao contexto no que se localizou a arracada, temos que matizar que a pesar de aparecer durante os traballos de escavación arqueolóxica, concretamente na Sondaxe 1 (fig. 8), o seu contexto de aparición foi nun depósito de sedimentación formado polos diferentes traballos agrícolas e remocións realizadas na superficie do xacemento, nos niveis inmediatamente superiores a un nivel de abandono de época romana localizado posteriormente.

Por debaixo destes niveis de sedimentación, formados polas terras de cultivo onde se localizou a peza, apareceu un nivel de derrubo ou abandono composto por numerosas lousas de mediano e gran tamaño entre as que se podía apreciar, na esquina nordeste da sondaxe, un muro. Na escavación deste derrubo localizáronse numerosos restos cerámicos (todos eles de época romana), entre os que destacaban fragmentos de cerámica común e TS, ademais de *tegula*, vidro e metal. Baixo este derrubo, que selaba completamente a superficie desta Sondaxe 1, apareceu un depósito de terra de cor grisáceo, homoxéneo e cunha gran cantidade de material (sobre todo cerámica de época romana e clavos de ferro), que conformaba o nivel de abandono de época romana, aparecido sobre un empedrado ou patio exterior documentado posteriormente.

Os niveis prerromanos rexistrados nesta sondaxe apareceron por debaixo de diferentes fases de ocupación de época romana que ían desde o cambio de Era ata o Baixo Imperio.

8. Sondaxe 1

Diferentes niveis de ocupación





Ficha técnica da arracada

Denominación: arracada áurea

N.º sección: 2007/12/01. N.º orde: AC 07-041

Procedencia: intervención arqueolóxica na Agra do Castro (Marcelle, Lugo)

Tipo de colección: depósito

Cultura: castrexa (contexto galaico-romano)

Cronoloxía: s.s. III- I a.C.

Materia: ouro

Técnica: fundición, soldadura, filigrana e granulado

Dimensións:

altura máxima: 1,9. Anchura máxima: 1,5 cm

altura parte medial: 1,15 cm

altura parte distal: 0,7 cm 2 lados triángulo: 0,8 cm lado en contacto co crecente: 0,75 cm

Peso: 1,1 grs⁸

Conservación: boa

Usolfunción: adorno de orela

Descrición: peza áurea de forma penalunar con apéndice triangular inferior soldado lixeiramente desprendido. Parte medial en forma de crecente lunar composto por cinco fíos retorcidos e soldados lateralmente. A parte distal ou inferior ten forma triangular e está composta de vinte e unha esferiñas soldadas entre si en liñas horizontais de maior a menor: seis, cinco, catro, tres dúas e unha.

⁸ Balanza de precisión modelo TANGENT 102

Encadramento tipolóxico e paralelos

Pola súa forma pode encadrarse no tipo IIC da clasificación de Pérez Outeiriño que responde a unha tipoloxía de “pezas de pequenas dimensións nas que a característica principal, amais da súa planicie, é a de non diferenciarse a parte proximal. A parte medial ten forma de crecente moi pechado cos extremos que case se tocan. A parte distal está representada por un triángulo de gránulos”⁹.

Polo que atinxe aos paralelos máis destacados podemos sinalar as arracadas de Cances (Carballo, A Coruña), Cardedo (O Irixe, Ourense), A Graña (Toques, A Coruña), Castrolandín (Pontevedra), Punta dos Prados (Ortigueira, A Coruña), Vilar de Santos (Ourense). Tamén as arracadas portuguesas de Estela, Laundos e Afife teñen concomitancias tipolóxicas coa arracada que nos ocupa. Outros paralelos peninsulares máis afastados serían algunhas arracadas celtibéricas do tesouro de Arrabalde (Zamora) ou arracada de Lancia¹⁰ (Villasabariego, León).

É especialmente significativo que o paralelo máis destacado pola correspondencia case total en forma, tamaño e peso sexa a arracada de Cances e en segundo lugar a de Punta dos Prados tendo en conta de que esta estaría incompleta dada a desaparición do apéndice triangular inferior¹¹. As da Graña e Cardedo teñen o apéndice inferior tamén con granulado pero sobre base e a de Castrolandín presenta un nivel técnico inferior ou ben se deteriorou moito a peza posteriormente. En definitiva, estamos a confirmar unha “estandarización tipolóxica” nas arracadas galegas con similitudes nas arracadas celtibéricas de tipo acio.

Non hai pegadas de posible suspensión supraauricular, feito por outra banda certamente innecesario dado o escaso peso e dimensión. Para utilizarse como pendente bastaría co sinxelo pinzamento na orela.

Con respecto á relación entre todas as arracadas castrexas, debido á súa dispersión e escaso número de exemplares non se poden establecer unhas pautas locais de fabricación e distribución posto que as pezas mencionadas aparecen en todo o Noroeste peninsular, non hai unha mostra ampla nin un rexistro arqueolóxico definido que amose unhas pautas xeográficas determinadas no relativo a tipoloxías ou técnicas, obradoiros de fabricación ou sobre a circulación social e económico-comercial.

Porén, analizando as formas e os tamaños apreciamos que as de menor dimensión teñen, tamén por unha cuestión de equilibrio compositivo, peso, etc. o apéndice inferior de pequena dimensión cunha preponderancia dos gránulos soldados entre si en lugar de sobre láminas de base decoradas e con maior envergadura.

⁹ PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1982), 172

¹⁰ Pendente tipo “de acio”, que aparecen neste importante castro de orixe celtibérico, conquistado por Roma no ano 25 d.C.

¹¹ PARCERO, C. et alii (2009), 93

Análise

A metalurxia do ouro na cultura castrexa está constatada no Noroeste peninsular dende o III milenio a.C. Esta gran tradición autóctona que ten os seus máximos expoñentes na Idade do Bronce vese enriquecida na Idade do Ferro por achegas técnicas foráneas de influxo mediterráneo que engaden novidades e desenvolven outras tipoloxías como é o caso das arracadas e de procedementos coma a filigrana e o granulado¹².

No que atinxe á tecnoloxía do ouro remitímonos ao publicado noutros traballos¹³ posto que a secuencia xeral da produción segue a ser a mesma para as arracadas do Noroeste peninsular no relativo á consecución e preparación da materia prima e a súa transformación mediante técnicas específicas de fabricación, decoración e posteriormente de acabado¹⁴.

Estamos ante unha peza sen estrutura laminar de base, de pequeno tamaño pero gran dominio técnico da soldadura, filigrana e granulado principalmente.

Na súa estrutura non se desenvolve a parte proximal ou superior tendo o protagonismo principal na parte medial ou central e na distal ou inferior. A medial está resolta a base de cinco fíos de sección circular sogueados cara á dereita e á esquerda, agás o exterior que ten a zona exterior plana/lisa para pechar por fóra o crecente, soldados¹⁵ entre si e fabricados individualmente mediante torsión de tiras rectangulares de metal áureo. Para conseguir o decrecido superior e rematar cun ancho menor que permita unha disposición axeitada que acondicione os extremos da xoia para dispoñela na orella mediante presión, os ditos fíos van desaparecendo cara arriba con irregulares acabados soldados ou case fundidos onde chegan só de xeito total os dous fíos da cara interior.

As esferiñas da parte inferior forman ese triángulo invertido ao soldarse entre si facendo seis liñas horizontais de maior a menor comezando por seis ata rematar o vértice só cun gránulo. O tamaño das esferiñas ronda o milímetro (0,13 cm. máximo).

Están soldadas entre si en forma de falso acio¹⁶ e o ar.

O estado de conservación é bo agás por un lixeiro desprendemento na zona de unión do apéndice triangular coa parte medial. Aprécianse pegadas de leve deterioro

¹² A filigrana e o granulado son técnicas decorativas de orixe oriental. A primeira consiste na aplicación de fíos para conformar distintos motivos ou composicións ornamentais. A modalidade de filigrana ao ar é cando se aplica sen lámina de base cos fíos soldados entre si lateralmente e a filigrana aplicada faise sobre unha superficie. O granulado basease na soldadura de diminutos gránulos de ouro ou esferiñas sobre unha superficie lisa de base ou entre si. Son as dúas técnicas máis usadas na decoración das arracadas castrexas.

¹³ Vid. Bibliografía final

¹⁴ BALSEIRO GARCÍA, A. (1996); "Tecnología del oro prerromano en el NO peninsular" en *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia* p.p. 41-54.

¹⁵ Para as soldaduras necesítase un gran dominio das técnicas de aleaxe de metais

¹⁶ Os glóbulos soldados na parte inferior é unha disposición moi típica non só das arracadas castrexas onde se diferencia a variante de soldadura sobre base ou lámina e ao aire (entre si mesmos), senón que tamén se observa no sur peninsular coma as arracadas de acio de Tutugi (Galera, Granada), co granulado soldado con aleaxe de estaño-prata (Perea, 1991), datadas no s. III a. C. e no mundo mediterráneo, concretamente podemos poñer de exemplo uns pendentes áureos etruscos procedentes da tumba en cámara De Falerii cunha altura máxima de 2,3 cm aínda que a parte medial varía posto que son aretes en forma de tubo. Están datados no s. IV a.C. e atópanse no Museo Arqueolóxico Nacional de Florencia (inv. 75659).

polo uso ou polo abandono de séculos e ten unha extrema fragilidade por algunhas deformacións na contorna.

Evidentemente, o uso doutras técnicas de análise podería determinar con maior precisión os procedementos ourives utilizados para a fabricación e decoración desta singular peza lucense, tamén o uso de análises espectrográficas non destrutivas para ver a composición do metal arrojarían máis luz sobre os estudos de conxunto da ourivería prerromana do Noroeste peninsular. Certamente conseguiríamos máis datos coa posibilidade de realizar esas análises de composicións e aleaxes que tamén axudarán a determinar outros aspectos sociais e económicos relacionados coa súa produción e tecnoloxía. Hoxe en día estes estudos non son invasores grazas a novos aparatos e avances científicos¹⁷ pero son necesarios os investimentos correspondentes para poñer a disposición dos investigadores o instrumental e os laboratorios axeitados.

Cronoloxía

A atribución cronolóxica non pode considerarse definitiva dadas as ausencias de datacións científicas (radiocarbónicas, etc.) da secuencia estratigráfica e debido tamén á probable transmisión xeracional¹⁸ destas pezas áureas con gran perdurabilidade temporal tanto polo metal utilizado como polo valor intrínseco, económico e social. É dicir, que o momento de deposición, probablemente accidental, ou de abandono, non correspondería coa súa datación orixinal. Co repertorio actual de arracadas castrexas hai unha coincidencia entre distintos investigadores na datación xeral que se circunscribe a finais da Idade do Ferro xa nos límites do cambio de era. A peza, aínda que atopada en niveis posteriores, pódese considerar castrexa se atendemos á súa tipoloxía.

Conclusión

Aínda que destaque o feito do achado da arracada de Agra dos Castros nunha intervención de sondaxe arqueolóxica manual no xacemento sinalado, realizado por arqueólogos profesionais, no medio da proverbial descontextualización e achádegos casuais da maior parte da ourivería prerromana galega, tamén é certo que os datos achegados non son o suficientemente representativos dadas as condicións nas que se

¹⁷ Como exemplo de proposta analítica desenvolva e xa consolidada nos últimos anos é o espectrómetro portátil de fluorescencia de raios X por enerxía dispersiva.

¹⁸ A longa supervivencia das xoias áureas tamén vén demostrada polas fondas pegadas de uso e nalgúns casos polas restauracións antigas e arranxos posteriores realizados para continuar utilizándose longo tempo e a cotío.

atopou¹⁹, pero contribuíu a concienciar a sociedade actual da necesidade de realizar escavacións sistematizadas en Agra dos Castros e á maior repercusión social e mediática da correspondente intervención arqueolóxica cuxos resultados xa foron publicados en varias ocasións²⁰.

O achado desta peza no ano 2007 continúa a incrementar a importancia da ourivería antiga galega, confirmando a “estandarización” das tipoloxías xa existentes, os usos sociais e simbólicos destes elementos típicos da cultura castrexa e a supervivencia temporal destas pezas xa en contextos galaico romanos. A súa adscrición a espazos habitacionais relaciona esta xoia co ambiente “doméstico” do interior dun recinto poboado, sen indicios de ocultación, nin contextos rituais/funerarios, nun asentamento con fase prerromana e supervivencia ata o s. III polo menos. Esta contextualización é un dato importante para ter en conta.

Como obxecto illado é tamén unha manifestación da cultura material castrexa cunha tecnoloxía similar aos exemplares xa publicados e estudados anteriormente, polo que seguimos a considerar a función simbólica destas xoias como ítems de prestixio na súa sociedade de orixe cun importante “papel categorizador”²¹, sen perder outras valoracións económicas ou rituais que poden engadírselle a través das análises de conxunto. Non obstante, o significado da ourivería variará tamén coa chegada dos romanos porque aínda que poida conservar a función de prestixio social, aumenta o seu valor mercantil (o ouro como simple riqueza) e consolídase o seu uso habitual en forma de xoias de complexa elaboración.

De seguro que esta xoia da Agra dos Castros tamén contribuirá a enriquecer o estudo das arracadas e a consolidar a importancia da ourivería e da metalurxia dos nosos antergos.

Bibliografía

- ACUÑA CASTROVIEJO, F.; MEIJIDE CAMESELLE, G. (1989): “Castro de A Graña (Toques, A Coruña)”. En *Arqueoloxía/Informes 1. Campaña 1987*. Xunta de Galicia; 50-52.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F.; MEIJIDE CAMESELLE, G. (1995): “Excavación arqueolóxica no Castro de A Graña (Toques, A Coruña)”. En *Arqueoloxía/Informes 3. Campaña 1989*. Xunta de Galicia; 23-24.
- ÁLVAREZ ASOREY, R.; CARREÑO GASCÓN, M.^a C.; GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2003): *Aqua urbi: historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo: (época romana-século xx)*. Concello de Lugo.

¹⁹ Case en superficie e sen determinar exactamente un espazo específico de contexto pola alteración da zona, aínda que poñéndoa en relación con outros restos materiais atopados preto dela, nun contexto xa galaico romano

²⁰ Vid. BARTOLOMÉ ABRAIRA, R. (2008) e ídem (2009)

²¹ RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M. (1996); “La orfebrería y su significado” en *El oro y la orfebrería prehistórica en Galicia*, 90.

- ARIAS VILAS, F. (1979): “El castro de Penarrubia (Lugo) y la novedad de su datación por C 14”. En *XV Congreso Nacional de Arqueología, Lugo, 1977*. Zaragoza, 613-622.
- AA.VV. (1995): *Lucus Augusti, urbs romana: Los orígenes de la ciudad de Lugo*. Concello de Lugo.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1994): *El oro prerromano de la provincia de Lugo*. Diputación Provincial de Lugo.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1996): “Tecnología del oro prerromano en el Noroeste Peninsular”, en *El Oro y la Orfebrería Prehistórica de Galicia*. Diputación Provincial de Lugo.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1997): “Aproximación a la orfebrería castreña: el Tesoro Bedoya”. *Ferrolterra Galaico-Romana* (V. Alonso Troncoso ed.) concello de Ferrol, 49-67
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1999): “Problemática del estudio de la orfebrería castreña”, en Balbín R. de y Bueno, P. (Eds) *Actas del II Congreso de Arqueología Peninsular* (Zamora 1996) tomo III, Zamora.
- BALSEIRO GARCÍA, A. e CARNERO VÁZQUEZ, O. (2011). “A arracada de Suegos (Pol, Lugo) en Férvedes. Vilalba (Lugo) nº 7, 161-166.
- BARTOLOMÉ ABRAIRA, R. (2008a): Sondeos arqueolóxicos manuais en Agra dos Castros, Marcelle (Lugo). Informe Valorativo inédito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia o 28 de abril de 2008.
- BARTOLOMÉ ABRAIRA, R. (2008b); “Primeiras valoracións da intervención realizada na Agra dos Castros, Marcelle (Lugo)”. En *CROA* nº 18, 28-33.
- BARTOLOMÉ ABRAIRA, R. (2009); “O castro da Piringalla e a súa relación con Lucus Augusti” en *Do castro á Cidade. A romanización na Gallaecia e na Hispania indoeuropea*. Actas do curso de actualización sobre a romanización en Galicia. Lugo, 143-177.
- CARBALLO ARCEO, X. (2002): *A Cultura castrexa na comarca de Deza*. Seminario de Estudos de Deza, Lalín (Pontevedra).
- CARREÑO GASCÓN, M.^aC. (2004): “*Lucus Augusti*. Doce anos de investigacións arqueolóxicas”. En AA.VV.: *A Muralla de Lugo: patrimonio da humanidade*. Concello de Lugo, 17-38.
- CASAL GARCÍA, R. e BÓVEDA FERNÁNDEZ, M.^oJ. (1996); “Algunhas cousas sobre ourivería galega” *Humanitas. Estudos en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*. 241-256.
- CASTRO PÉREZ, L. (1995); “Una interpretación de la orfebrería castreña” *Arqueoloxía e Arte na Galicia prehistórica e romana*. A Coruña. 123-145
- CRÍADO BOADO, F.; RODRÍGUEZ PUENTES, E.; PENEDO ROMERO, R. (1991): “Actuación: Idade do Ferro: Excavación e sondaxes en castros». En *Arqueoloxía, Informes 2. Campaña 1988*. Xunta de Galicia, 121-125.
- FARIÑA BUSTO, F.; Arias Vilas, F. e Romero Masiá, A. M. (1983): “Panorámica general sobre la cultura castrexa». En *Estudios de cultura castrexa e de historia antiga de Galicia*. Edición e limiar de G. Pereira Menaut. Universidad de Santiago de Compostela, 87-127.

- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): “Los caminos medievales de Galicia”. En *Boletín Auriense, Anexo 9*. Museo Arqueológico Provincial de Ourense.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. e BLANCO FREIJEIRO, A. (1954): “Nuevas joyas prehistóricas gallegas. El Tesoro Bedoya”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVIII, 161-180.
- GARCÍA-LASTRA MERINO, M. (1982): “La arracada de Cances”, en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI. Diputación Provincial de Pontevedra, C.S.I.C. e Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, 309-322.
- GARCÍA VUELTA, O. (2007): *Orfebrería castreña. Museo Arqueológico Nacional*. Madrid, Ministerio de Cultura.
- GÓMEZ VILA, J. (1993): “As vías romanas na actual provincia de Lugo. Achegamento á súa problemática”. En *Historia Nova I. Contribución dos xóvenes historiadores de Galicia*. Santiago de Compostela, 15-29.
- GÓMEZ VILA, J. (2001): “Leguas e leguarios no Camiño Real de acceso a Galicia: Pedrafito do Cebreiro-Lugo”. En *Lucensia*. v. 11, nº 23, 347-356.
- GÓMEZ VILA, J. (2005): *Vías romanas de la actual provincia de Lugo*. Tesis doctoral dirigida por D. José Manuel Caamaño Gesto. Universidad de Santiago de Compostela, Facultad de Geografía e Historia.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (1995): “Agua para la ciudad: captación y distribución (pozos, fuentes, acueductos)”. En *Lucus Augusti, urbs romana: Los orígenes de la ciudad de Lugo*. Concello de Lugo, 62-65.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2005): *Domus oceani: aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti*. Concello de Lugo.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E.; CARREÑO GASCÓN, M. C. (1998): “La Capital del extremo noroeste hispánico, *Lucus Augusti* y su tejido urbano a la luz de las últimas intervenciones arqueológicas”. En Rodríguez Colmenero, A. (coord.): *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico: actas del Congreso Internacional, Lugo 15-18 de mayo de 1996*. Lugo, 1171-1208.
- LADRA, L (2002); “Achega ao estudo contextual da ourivería castrexa”. *Gallaecia*, 21, 177-191
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. A. (1939); “Una nueva arracada posthallstática” *Archivos do Seminario de Estudos Galegos*, IV, 97-130
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. A. (1951); *Las joyas castreñas*. Madrid.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1986): “Castro de Cameixa: Campañas 1944-46”. En *Arqueoloxía/Memorias*. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. (2008): “Posta en valor de Castromaior para fomento do turismo cultural no Camiño de Santiago, Portomarín (Lugo)”. *Actuacións arqueolóxicas*. Ano 2006. Xunta de Galicia, 33-34.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M.^a C.; AMADO REINO, X. e CHAO ÁLVAREZ, F. J. (1998): *La Arqueología en la gasificación en Galicia 4: corrección de impacto de la red de Lugo. Tapa (Trabajos en Arqueología del Paisaje)*, 6. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. (1990): “Tres dataciones de C 14 del castro de A Graña (Toques, A Coruña) y su contexto arqueológico”. En *Gallaecia*. Núm. 12; 111-134.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. (1996); “Arracada del Castro de A Graña” en *El oro y la orfebrería prehistórica en Galicia*. 111.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1984): *Memoria da excavación arqueolóxica de urxencia no Castro Real*. Depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1988): “Excavación arqueolóxica no Castro de A Graña”, en *Boletín do Centro de Estudos Melidenses-Museo Terra de Melide*. Núm. 4.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1990): *Memoria preliminar de la 4ª campaña de excavaciones arqueológicas en el castro de A Graña, castro de Piñeiro y Agro de Nogueira (Toques, A Coruña)*.
- PARCERO OUBIÑA, C., GARCÍA VUELTA, O., ARMADA X.L. (2009): “Contextos y tecnologías de la orfebrería castreña: en torno a una nueva arracada de Punta dos Prados (Espasante, Ortigueira, A Coruña)”, en *Complutum*, vol. 20. Madrid. 83-108.
- PARGA CASTRO, A. (2008): “Sondaxes arqueolóxicas valorativas no castro do Cruceiro da Coruña, Santiago de Compostela”. *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2006*. Xunta de Galicia, 125-126.
- PEREA, A. (1991): *Orfebrería Prerromana. Arqueología del Oro*. Madrid.
- PÉREZ MATO, M. (2007): *Informe de Incidencias del control y seguimiento arqueológico de las obras de abastecimiento de agua a Lugo*. Informe inédito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia o 26 de novembro de 2007.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1982): *De ourivesaría castrexa I. Arracadas*. Boletín Auriense. Anexo I. Museo Arqueológico Provincial, Ourense.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1989): “Orfebrería Castreña”, en *El oro en la España Prerromana*. Monográfico de Revista de Arqueología. Madrid.
- REBOREDO CANOSA, N. (2000): “Evolución tecnológica de la metalurgia del oro desde el Calcolítico a la Edad del Hierro”, en *Gallaecia*, nº 19.
- SEVERO, R. (1905-1908); “As arrecadas d’ouro do Castro de Laundos” *Portugalia*, II (1-4). 403-412
- VILLA VALDÉS, A. (1997); “Pendiente de oro, procedente del castro Chao Sanmartín, en Grandes de Salime” en *Nuestro Museo. Boletín Anual del Museo Arqueológico de Asturias*, 1. 245-253.
- VV.AA. (1996) *El oro y la orfebrería prehistórica en Galicia*. (A. Alvarez Núñez, coord.) Diputación Provincial de Lugo.